

UNIDADE
DIDÁCTICA.

Mirador Ría de Cereixo.
Interpretación do Mar

ESO



Agradecemos ao documento "Investigación e documentación sobre Cereixo e a Costa da Morte", que forma parte do proxecto "Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar", por aportar información necesaria para a creación desta Unidade Didáctica.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



XUNTA
DE GALICIA



ESO



PORTO DE CEREIXO. Un lugar con historia dende o medievo.
Saqueos de normandos e piratas sarracenos.
Visita do rei Afonso VIII de Galicia e León.
A carta póboa de Cereixo.

Creación dun Manuscrito Ilustrado Medieval.

A TRASLATIO DE CEREIXO. Unha das máis antigas do mundo.
Inventio e Traslatio.
Arquitectura románica.

MIRADOR RÍA DE CEREIXO. Interpretación do mar.
Sobre o proxecto, a posta en valor do patrimonio natural.
Ideas e propostas creativas.

Esta Unidade Didáctica forma parte do proxecto **"Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar"**, impulsado polo Concello de Vimianzo e subvencionado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia a través do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

Baseándote no relato da páxina 5, **esboza unha ilustración de estilo medieval.**

Realiza un manuscrito ilustrado medieval sobre a historia de Cereixo.

Na Idade Media, non existía imprenta coma a coñecemos hoxe en día, entón os libros, tamén chamados códices, eran escritos e pintados a man. Estes documentos chegaron a nós e os coñecemos coma **Manuscritos Ilustrados Medievais**.

Os manuscritos ilustrados ou iluminados medievais están formados xeralmente por un texto acompañado de marcos debuxados, ilustracións detalladas e unha letra capital moi ornamentada.


Actividade para a clase:

Buscade exemplos de manuscritos ilustrados medievais e facede unha posta en común na aula para ter de referencia nos seguintes exercicios.

Partindo das referencias buscadas, o resume e a ilustración de estilo medieval, crea nunha cartolina unha páxina pertencente a un manuscrito de estilo medieval que conte parte da historia de Terra de Soneira.

Se precisas axuda, guíate por o seguinte esquema:

- 1 - Ilustración.
- 2 - Letra capital.
- 3 - Texto.
- 4 - Marco.



A TRASLATIO DE CEREIXO. Unha das máis antigas do mundo.

A Igrexa de Santiago de Cereixo é unha construción de **estilo románico**, construída posiblemente a finais do século XII. Debido a varias similitudes atopadas, créese que os artistas que traballaron neste templo poden ser os mesmos das igrexas de Xaviña e Leis.

Unha característica moi particular de este edificio é que, no tímpano da porta Sur, está representada a **Traslatio de Santiago Apóstol**, demostrando así a importancia histórica da tradición xacobeana na zona.

Nesta imaxe, diferenciamos o corpo do apóstolo pousado sobre unha barca e os seus sete discípulos acompañandoo. Na arquivolta desta, pódese contemplar un anxo e debaixo del, un personaxe eclesiástico cun báculo na man, esta imaxe representa a **Inventio**. Outro suceso pertencente á lenda xacobeana onde un anxo guía a unha figura relixiosa á tumba do apóstolo.

Hoxe en día, só se conservan catro obras de estilo románico que representan a traslatio xacobeana, ademais, dúas delas son galegas. Así que **esta é a traslatio máis antiga gravada en pedra que se coñece do mundo**.

SABÍAS QUE... Na arquitectura, o tímpano é o espazo que hai na parte superior do arco dunha porta ou ventá. Xeralmente ten forma de medialúa, o que rodea a tímpano chámase arquivolta.

SABÍAS QUE... a traslatio está recollida no Códice Calixtino, que conta as dificultades polas que pasaron os discípulos de Santiago Apóstol trasladando os seus restos cara o que hoxe se coñece como Santiago de Compostela.



Busca outras representacións da **Traslatio** e a miniatura da **Inventio** e compáraas coa **Traslatio de Cereixo**. Anota as similitudes, diferencias e características para completar o exercicio da páxina 10.

MIRADOR RÍA DE CEREIXO. Interpretación do mar.

Situado na costa de Cereixo e na desembocadura do río Grande, o **Concello de Vimianzo** está levando a cabo a construción dun miradoiro. Este lugar goza dunha panorámica dos territorios pertencentes ós concellos de Vimianzo, Muxía e Camariñas e uns **espazos naturais únicos**.

Con esta iniciativa, propónse poñer en valor a zona costeira de Cereixo e arredores, promovendo así para os seus habitantes e visitantes, **unha iniciativa natural e patrimonial**, centrándose na cultura marítimo-pesqueira.

Un dos fenómenos máis especiais da ría de Porto pódense apreciar dende o propio miradoiro, que é a **transición entre a auga doce do río Grande e a salgada do mar** pertencente a ría de Camariñas.

O río Grande, tamén coñecido coma río Porto, desliza as súas augas cruzando toda a comarca de Terra de Soneira. Na súa chegada a Porto de Cereixo, encóntrase coa desembocadura do río de Carnés onde prevalece un pequeno islote coñecido coma **Forno do Sapo**.

Este espazo intermareal, onde tanto adoita encherse con auga salgada como a cubrirse soamente con auga doce, é o fogar dunha gran variedade de animais, xa sexan peces (como o reo, a anguía ou o escalo), anfibios, (sapos e ras), ou mamíferos como a lontra. Porén, **as protagonistas nesta contorna son as aves**, onde podemos atopar, entre outras especies da familia das anátidas, gaivotas, garzas reais ou corvos mariños grandes.

Baseándote en todo o aprendido nesta guía didáctica, realiza unha observación sobre o patrimonio cultural natural de Cereixo e o Concello de Vimianzo.



Escribe aquí as túas ideas e pensamentos
sobre o Mirador de Cereixo.

Como che gustaría que fose?

Que che gustaría ver dende alí ?

Prefires ver o amencer, o solpor, unha noite estrelada ou un día soleado dende o miradoiro? Por que?

Saberías dicir cal ou cales son os lugares que se poden ver dende o Mirador de Cereixo?

<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>